



O presidente de Caixanova, Julio Fernández Gayoso, deu a coñecer esta mañá o programa de actividades culturais que desenvolverá a entidade financeira en Ourense, en colaboración co Concello, ata o mes de xuño

Caixanova presenta en Ourense un amplo programa cultural con propostas de todos os ámbitos artísticos

- Neste programa cultural inclúense actividades dirixidas a todos os públicos, potenciando aquelas iniciativas orientadas aos máis novos. Destaca o importante labor desenvolvido no ámbito da programación para escolares, un verdadeiro programa paralelo ao do público xeral que permite achegar aos máis pequenos o mundo da creación nas súas manifestacións máis diversas

Ourense, 17 de xaneiro de 2008.- Caixanova presentou esta mañá a programación cultural que desenvolverá a entidade financeira, en colaboración co Concello, na cidade de Ourense ao longo do primeiro semestre de 2008. O presidente da caixa de aforros, Julio Fernández Gayoso, foi o encargado de enumerar as actividades previstas nun acto no que estivo acompañado pola concelleira de Cultura, Isabel Pérez.

Tras a presentación, ambos os dous persoeiros visitaron a exposición que acolle o Centro Social Caixanova sobre a obra de Cristino Mallo, acompañados polo director de Obras Sociais de Caixanova, Guillermo Brea, e o director de Relacións Institucionais en Ourense de Caixanova, Amadeo Rodríguez.

Un ano máis a programación cultural que leva a cabo Caixanova sitúa á entidade nos circuitos culturais máis prestixiosos, ofrecendo aos ourensáns a oportunidade de gozar de moitos dos grandes montaxes artísticos da actualidade. Grazas a esta programación cultural sostida no tempo, a caixa contribúe a dinamizar a cidade e o seu entorno, facilitando ademais o acceso á cultura ao maior número posible de cidadáns.

A programación cultural que Caixanova organizou en colaboración co Concello de Ourense para o primeiro semestre de 2008, artículase en torno aos seguintes apartados: 1º.- Exposicións, 2º.- Música clásica, 3º.- Outras músicas, 4º.- Danza, 5º.- Teatro, 6º.- Funcións en familia, 7º.- Conferencias, cursos e obradoiros, e 8º.- Actividades para escolares.

A continuación descríbense por capítulos as actividades da programación para o primeiro semestre do ano 2008.

1º.- Exposicións:

Cunha colección de máis de oitenta pezas entre bronzes, xesos orixinais, debuxos e gouaches, Caixanova organiza a primeira gran exposición do escultor Cristino Mallo (Tui 1905 – Madrid 1989), a través dun percorrido entre a delicadeza e a tenrura das súas temáticas habituais e a rotundidade formal, case monumentalidade en miniatura, da súa técnica escultórica. No mes de febreiro, Caixanova, a través da mostra “Bereberes. Señores do deserto”, convidanos a realizar un exótico viaxe cara o mundo Bereber



centrado nas zonas do Sáhara e o Norte de África habitadas por esta tribo. Dentro da serie Grandes Artistas Galegos, enmárcase a exposición de José Luis de Dios, coa que se recordará a traxectoria pasada e presente dun dos artistas máis persoais do panorama artístico galego. Para finalizar o semestre chegará a exposición “De ábacos a ordenadores”, promovida pola Universidade de Santiago de Compostela e organizada en colaboración con Caixanova. Trátase dunha mostra de carácter didáctico que pretende aproximarnos a este proceso evolutivo que abarcaría desde os sistemas de cálculo das culturas primitivas ata a aparición no século XX da informática.

2º.- Música clásica:

Non podía faltar na programación unha formación galega, neste caso a Real Filharmonía de Galicia, cada vez máis afianzada no panorama musical español. Actuará baixo a batuta de Christopher Wilkins, un dos directores máis versátiles e contará coa presenza do pianista español Joaquín Achúcarro, que foi galardoado coa Primeira Medalla do Concurso Internacional de Xenebra e o Primeiro Premio do Concurso Internacional Viotti de Vercelli de Italia, entre outros recoñecementos.

3º.- Outras músicas:

Baixo este epígrafe poderemos gozar co último traballo do cantautor español Ismael Serrano, titulado “Sueños de un hombre despierto”. A outra proposta, de terras galegas, chega da man de Xosé Manuel Budiño, que presentará o seu cuarto traballo, “Home”, un disco cheo de vitalidade no que as melodías nacen da experiencia e da influencia dos viaxes do artista na xira que o levou durante un ano enteiro por diferentes lugares do mundo.

4º.- Danza:

A danza española estará representada polo Ballet Víctor Ullate Comunidad de Madrid, que incorpora ao seu repertorio unha versión nova dun dos ballets de gran formato máis representados a nivel internacional. O coreógrafo e director artístico da compañía, Eduardo Lao, asumiu o reto de adaptar “Coppélia” ao seu versátil elenco de 22 bailaríns e aportar unha visión máis persoal. Víctor Ullate foi recoñecido co Premio Nacional de Danza e a Medalla de Ouro das Belas Artes.

5º.- Teatro

Seis ofertas teatrais diferentes e dunha excepcional calidade: comeza a temporada cunha versión do clásico de Shakespeare “El sueño de una noche de verano”, que traslada o concepto da obra a unha cultura mediterránea máis próxima e recoñecible para nós, onde a música e as cancións cobran especial protagonismo, xa que foron compostas por Antonio Carmona especialmente para ela. No que se refire ás outras propostas teatrais, non faltarán actores de renome no panorama actual, como Juan Luis Galiardo, que protagonizará “Humo”; José Luis Gil en “Salir del armario”, comedia crítica do autor de “La cena de los idiotas”, Francis Veber, ou María Adán nun dos mellores textos de August Strindberg, “La señorita Julia”.



A escena teatral complétase con outros dous atractivos montaxes: o traballo do polifacético actor e músico galego Nancho Novo en “Sobre flores y cerdos”, un espectáculo orixinal e diferente que utiliza fragmentos musicais como fío condutor para crear un espectáculo que afonda no amor e a xerminación deste na parella, e a comedia cumio de Carlos Arniches, “La señorita de Trevélez”.

6º.- Funcións en familia

Inclúense dúas funcións de teatro para nenos: “Robin Hood”, montaxe abordado por primeira vez polo teatro de actor galego no que a parte musical con cancións en directo adquire case tanto protagonismo como a parte basicamente teatral, e unha representación non verbal, multi-visual de teatro negro, elaborado libremente segundo as coñecidas novelas “Alicia no país das marabillas”, de Lewis Carroll, e “As viaxes de Gulliver”, de Jonathan Swift, que nos chega da man do Teatro Negro Nacional de Praga.

7º.- Conferencias, cursos e obradoiros

O Espazo Literario Caixanova nace coa idea de servir de plataforma para a organización dun conxunto amplo de actividades arredor da literatura, que se suman ás habitualmente programadas pola entidade, que gozan dun gran poder de convocatoria. Xunto ao Obradoiro Literario, impartido por Francisco Castro, e o Curso de Apreciación Musical, impartido por Faustino Núñez e dedicado nesta ocasión á cidade de Viena, organizarase neste marco un ciclo de conferencias con escritoras e escritores galegos baixo o título “Os camiños da literatura galega”. Algúns dos máis destacados escritores de Galicia percorreren as principais cidades da nosa comunidade establecendo encontros e debates co público. Nesta ocasión, Xosé Carlos Caneiro e Román Raña acercaranse á cidade de Ourense para impartir a conferencia “A literatura é poesía. A poesía é literatura”.

A oferta desta plataforma literaria complementábase coa posta en marcha dun Premio Escolar que se presentará en breve e que pretende implicar a escolares de ESO e de Bacharelato de toda Galicia. Ademais, púxose en marcha un blog (<http://www.centrosocialcaixanova.com/blogs/literatura>), que xa está funcionando e que permite participar, dun modo activo, nun foro de discusión literaria e de reflexión compartida.

Para finalizar, Caixanova desenvolverá na cidade un ciclo de conferencias acerca do cambio climático baixo a denominación de “Planeta amenazado”, no que se informará e se debaterá sobre este tema e as posibles solucións que se poden adoptar. Entre outros asuntos, abordarase o cambio climático, as enerxías renovables, o tratamento ambiental das infraestruturas, a súa integración máis eficiente e rendible. No ciclo intervirán expertos na materia como Manuel Toharia, director do Museo das Ciencias Príncipe Felipe de Valencia, que impartirá a conferencia “Cambio climático: mito e realidade”; a directora xeral da Fundación Biodiversidad ofrecerá a súa visión na conferencia “Medio ambiente con humor. Tratamento ambiental de infraestruturas de transporte. Retos, oportunidades e solucións para unha integración ambiental máis eficiente e rendible”; Miguel Delibes de Castro, doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidad Complutense de Madrid e profesor de investigación do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), quen disertará sobre “A natureza en perigo. A terra ferida”, e o



CONCELLO DE OURENSE



director executivo de Greenpeace España, Juan José López de Uralde, que será o encargado de rematar o ciclo coa conferencia “Renovables 100%: unha renovación enerxética para facer fronte ao cambio climático”.

8º.- Actividades para escolares

Trátase dun apartado que a entidade pretende reforzar na cidade de Ourense e que permite acercar aos máis novos o mundo da creación nas súas manifestacións máis diversas, configurando deste xeito un verdadeiro programa paralelo ao do público xeral. Con cinco ofertas na área de teatro, dúas no ámbito da música e unha proposta audiovisual, os alumnos dos centros escolares de Ourense poderán gozar este curso 2007/08 dun amplo programa de actividades que Caixanova organizou en colaboración co Concello de Ourense. Un programa especialmente estudado, pensando no disfrute e a formación dos alumnos da provincia